

INDICE

INTRODUCCIÓN

1.0 CRITERIOS DE DESEÑO

- 1.1 Criterio Xeral.
- 1.2 Normas e regulamentos.

2.0 PROCEDEMENTO PARA DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS

3.0 FASE DE CONSTRUCCIÓN

- 3.1 Requirimentos Xerais.
- 3.2 Condicións a cumprir durante o desenvolvemento das obras.
- 3.3 Finalización das obras.

4.0 CONDICIÓNS A CUMPRIR

- 4.1 Estado Actual.
- 4.2 Condicións para o acondicionamento do posto.
- 4.3 Extracción de fumes.
- 4.4 Electricidade.
- 4.5 Fontanería.

5.0 PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS

6.0 ROTULACIÓN



INTRODUCCIÓN

O presente Manual de Obras establece os criterios e requisitos que se deben cumprir polo adxudicatario/a para o acondicionamento dos locais da planta baixa do mercado onde vai desenvolver a súa actividade.

O autorizado/a está obrigado e será responsable de que a súa proposta para o acondicionamento do local adxudicado cumpra cos criterios contractuais, regulamentarios e legais, sempre de conformidade co **estilo** do proxecto xeral de reforma do mercado

1.0 CRITERIOS DE DESEÑO

1.1 Criterio Xeral

O procedemento para o acondicionamento dos postos adxudicados iniciárase unha vez se notifique o acordo de adxudicación a cada adxudicatario/a.

As obras non poderán començarse ata que a Administración dea a súa aprobación á proposta de deseño detallado e o adxudicatario/a dispoña de todas as autorizacións contractuais, regulamentarias e legais que a Administración considere necesarias.

Os planos, detalles e especificacións entregaranse á Administración para a súa aprobación de conformidade cos requisitos do programa.

1.2 Normas e regulamentos

As obras e o desenvolvemento das mesmas deberán ser conforme ás leis e aos regulamentos existentes en As Neves, ademais das prescricións particulares mencionadas no presente Manual.

2.0 PROCEDEMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS

O procedemento xeral para a obtención de autorización para o inicio da obra é o que se sinala a continuación.



ETAPA 1 - FASE DE DESEÑO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE. Un(1) mes

Con carácter previo á presentación da solicitude de aprobación do documento ou memoria valorada o adxudicatario/a reunirse, para a preparación dos deseños cos técnicos do Concello como colaboradores dos traballos.

Xunto cos técnicos colaboradores o adxudicatario/a inspeccionará o emprazamento e entregarlle o documento de acondicionamento en detalle, que deberá conter a documentación necesaria para o desenrolo das obras necesarias a realizar dentro do posto para o desenvolvemento da actividade así como a súa valoración económica

A solicitude de aprobación do documento para o desenrolo das obras pola Administración debe ser presentado no rexistro de entrada do Concello xunto con toda a documentación desta etapa no prazo dun mes dende a adxudicación da autorización.

ETAPA 2 – APROBACIÓN DA ADMINISTRACIÓN. Quince (15) días hábiles

Para a súa aprobación a Administración poderá requirirles con carácter previo ao inicio das obras ou con posterioridade toda aquela documentación que considere necesaria.

ETAPA 3 – EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ADAPTACIÓN. Un (1) mes


Fase de obras. Fara constar o prazo necesario para a realización das obras

ETAPA 4 – FINALIZACIÓN DAS OBRAS

Entrega da documentación final de obra e apertura do posto.

3.0 FASE DE CONSTRUCCIÓN

3.1 Requirimentos Xerais



Previo ao inicio dos traballos, o adxudicatario/a deberá:

Contar coas autorizacións necesarias.

O adxudicatario/a:

Utilizará a súa propia fonte eléctrica, que manterá ao seu nome durante o período de vixencia da autorización realizando, no caso de ser necesario, a centralización ao cadro de contadores.

Non utilizará nin almacenará dentro do posto, durante o desenvolvemento das obras de acondicionamento, ningún material perigoso ou combustible.

Asegurarase de que os seus contratistas ou subcontratistas almacenan correctamente as ferramentas de corte e as bombonas de gas de conformidade coa lexislación vixente.

En referencia ao seguro, o adxudicatario/a será responsable de asegurar o importe das obras e os contidos polo que, con antelación ao inicio das obras de adaptación do posto, facilitaralle a Administración o comprobante de ter suscrito unha póliza de seguros sobre as obras a realizar que cubra a súa Responsabilidade Civil.

O período de vixencia de dito seguro cubrirá a duración completa das obras e os defectos que puideran xurdir durante o período de garantía.

3.2 Condicións a cumprir durante o desenvolvemento das obras

A Administración notificará ao autorizado/a a aprobación da solicitude presentada para a realización do acondicionamento do posto.

A aprobación formal por parte da Administración estará **condicionada** ao cumprimento do seguinte:

Os técnicos da Administración estarán autorizados a realizar comprobacións *in situ* e deberáselles permitir a entrada. O autorizado/a asegurarse de que existan copias do documento aprobado no posto en todo momento.

O autorizado/a asegurarse de que os materiais de refugallo e entullos se retiran do posto diariamente, sendo único responsable desta tarefa.



O sistema de desaugue protexeráse para evitar bloqueos durante o desenvolvemento das obras de acondicionamento. No caso de producirse algún desperfecto no mesmo, será reparado a expensas do autorizado/a.

O horario de realización dos traballos será o que determine a Administración nese momento e deberá cumprir cos requisitos que indique o Concello de As Neves.

3.3 Finalización das obras

Os traballos que resulten insatisfactorios, modificaranse ou substituiranse polo autorizado/a antes da apertura. No caso de que fora imposible realizalas dentro do prazo concedido para a execución dos traballos de acondicionamento debido a atrasos na fabricación e entrega das partidas a reparar, o autorizado/a entregará á Administración para a súa revisión toda a información relativa á solución de mellora, xunto co calendario de actuación de ditos traballos.

O autorizado/a adoptará as medidas necesarias para obter as autorizacións e inspección de todas as autoridades con competencia para elo.

O autorizado/a comunicará á Administración a finalización das obras nun prazo de 10 días hábiles despois da finalización das mesmas.

4.0 CONDICIÓN A CUMPRIR

4.1 Estado Actual

Cada posto deberá ser devolto no mesmo estado no que se atopa no momento do outorgamento.

Non se permite encaixar instalacións nen realizar rozas nas paredes medianeiras.

Nalgúns postos existe un falso teito practicable. No caso de existir, pódese desbotar de xeito definitivo.

4.2 Condicións para o acondicionamento dos postos

Os acabados, mobiliario, exposición de produtos, iluminación, elementos gráficos e de marca da cada posto deben seguir as pautas marcadas polo Concello, de cara a acadar unha unidade conceptual en todo o mercado.



4.3 Extracción de fumes

A Administración define aqueles postos onde a extracción de fumes é posible.

Caso de que precisase máis sección de conduto para a eliminación de fumes, as obras adicionais serán tamén por conta do adxudicatario/a debendo de ser engadidas dentro do documento de acondicionamento do local.

4.4 Electricidade

Cada posto está provisto dunha instalación para subministro de corrente eléctrica, que parte do cadro eléctrico ubicado na parede lateral/traseira do posto. O autorizado/a será responsable de obter a(s) conexión(s) da compañía de subministro eléctrico e a legalización da súa instalación ante os organismos oficiais correspondentes a tempo para o desenvolvemento das obras e da data de apertura.

4.5 Fontanería

Auga: Disporase unha toma de auga na parede traseira/lateral do posto.

Saneamento: Todas as instalacións de saneamento estarán conectadas ao sistema de saneamento. A Administración proporciona un punto de conexión de desaugue en cada posto. A auga procedente da condensación e/ou desaugue da maquinaria canalizarase ata dito punto de desaugue.

5.0 PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS

Ademais do cumprimento estrito da normativa de aplicación en materia de incendios os autorizados/as deberán contar con extintores tipo 21A-113B cun contido de polo menos 6 kg en cada un dos locais, e unha distancia tal que se poida acceder a un dende unha distancia máxima de 15m, ademais de alumeado de emerxencia en cada posto.

6.0 ROTULACIÓN

Cada concesionario/a deberá rotular o seu posto utilizando o deseño aprobado pola Administración, cuxas pautas son as semellantes as utilizadas nos postos reformados recentemente.

O autorizado/a fará o pedido directamente a unha empresa de rotulación sobre a base destas directrices de deseño, pero a rotulación exterior debe ser aprobada pola Administración antes da súa fabricación.

